

A thick black L-shaped frame surrounds the text. The top horizontal bar is on the left, the left vertical bar is on the left, and the bottom horizontal bar is on the right, with a vertical bar on the right side.

LUÍSA VILLALTA: REFLEXO E RITMO

O ensaio e o pensamento en Luísa Villalta

Manuel Naveira Fuentes

Principios do pensamento villaltiano

- A Coruña, 1957-2004
- Ontoloxía: tensión entre o son e o ruído.
- Ética: o individuo realízase no pobo, co resultado da nación.

Dialéctica villaltiana

- Tese: realidade = ruído.
- Antítese: poesía = son.
- Síntese: vida = música.

Ensaaios de Luísa Villalta

- Tríade:
- *O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral* (Laivento, 1992).
- *O outro lado da música, a poesía: relación entre ambas artes na historia da literatura galega* (A Nosa Terra, 1999).
- *O libro das colunas* (A Nosa Terra, 2005).

O Don Hamlet de Cunqueiro: unha ecuación teatral

- Matemática e metáfora.
- Ecuacións:
 - Hamlet = x
 - Cunqueiro = Shakespeare
 - Shakespeare + Cunqueiro
 - Cunqueiro - Shakespeare
- Solución: *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca*

Parágrafo de *O Don Hamlet*

- “A partir dun lexendário heroi nórdico, complicada rede de características mitolóxicas que, ben por azar, ben por necesidade, desembocaron nun problema teatral formulado por Shakespeare, Hamlet acaba por encarnar non só o heroi trágico intemporal, senón a traxédia mesma no que ten de representación do ser humano fronte a súa propia conciencia. Hamlet, preguntando-se a si mesmo quen é, pregunta-nos igualmente a nós quen somos. Shakespeare deu forma definitiva a esa pregunta. Cunqueiro, moitos anos despois, unha contestación impecábel”.

En “Formulación preliminar”.

O outro lado da música, a poesía

- Precedente na literatura galega.
- Resolución histórica da confrontación entre poesía e música.
- Repaso de épocas da historia galega.

Parágrafo de *O outro lado da música, a poesía*

- “Afastada da música, a poesía terminou por volveuse cara a si mesma e preguntarse que cousa é. Non é novo nen moito menos, por máis que si característico do noso tempo: sabemos que cando o dedo do sabio sinala a lúa, podemos ser os tontos que miramos o dedo, pero tamén podemos maravillarnos contemplando a certeza e precisión con que o dedo se expresa e, sobre todo, a distancia inconmensurábel que media entre o dedo e a lúa. Perdemos a inocencia da expresión directa e esta conciencia simultánea da expresión e do expresado denomínase *metaliteratura*.”
- Entre a palabra e o sentido quebrouse a unidade e entre unha cousa e outra media xa un abismo no que criamos a conciencia do código. Ao comezo da cultura, ao comezo da comunicación, o sonido era ao mesmo tempo o xogo da forma e do significado. Agora xa non. No sonido-música pervive a forma auditiva que modula caprichosamente o seu caudal de significacións indiferenciadas. No sonido-palabra en cambio nacen as unidades lóxicas das significacións concretas, mentres se deixa escapar como irrelevante boa parte do torrente expresivo”.

En: “Finalmente todo volve ao sonido”.

O libro das columnas

- Recompilación de artigos publicados durante un treito de aproximadamente dous anos en *A Nosa Terra*.
- Temática variada.
- Demostra unha solidez de pensamento baseada en principios asentados.
- Anécdota: dous artigos esquecidos.

Parágrafo de *O libro das columnas*

- Para quen se escribe? E máis afinadamente, para quen escribimos as escritoras e escritores galegos? Evidentemente para quen le. Pero, na situación actual do mercado do libro (sobre todo galego), esta obviedade termina por ser un eufemismo: quedaría feo recoñecer que por lector nos referimos a quen compra libros, lea ou non, que tamén se pode ler de balde; e non son menos lectores os que frecuentan bibliotecas, os que relén, os que comparten e intercambian os libros máis prezados e máis as ideas que neles se conteñen. E aquí xa imos confundindo unha cuestión cualitativa, a experiencia da lectura e a lectura da experiencia, por unha cuestión cuantitativa, o número de lectores-compradores precisos para adecentar a nosa industria editorial. Cando un reloxo anda mal, a culpa sempre a ten o reloxeiro. Así acúsasenos, e oxalá fose verdade, de escribirmos nada máis para quen escribe. Para nós mesmos, para os nosos afíns, para os do cotarro. Se a literatura tivese o tratamento social e educativo debido, non estaría mal un país todo de escritores reais e de escritores en potencia, que fixesen da lectura unha reescrita. Iso sería acadar un altísimo nivel cultural. Iso sería acadar unha poboación crítica e creativa. Iso sería saber ler e reescribir o mundo. Hai quen escribe para si mesmo (e ben que gusta de publicalo). Hai quen escribe para a Historia (e nunca llo recompensa como cre merecer). Mais penso que só seremos un país literariamente acougado cando poidamos permitirnos escribir mesmo para quen non le.

En “Escribir para quen”.

Parágrafo de *O libro das columnas*

- Tempos foron en que a cultura de súpeto se volveu aborrecida, mesmo triste, boa só para aqueles energúmenos que non sabían divertir-se e tirar partido da “movidá” subvencionada e proto-industrial, o que se deu en chamar a “cultureta”, coas súas xentes recén empoleiradas, satisfeitas, sumisas e que, agás naquela primeira oposición á OTAN, depuxeron as súas armas críticas en favor da morna tranquilidade criativa. Mais eis que paso a paso veu achegándose o antigo monstro da dereita que estaba acazapado.

En: “Cultura, cultureta, culturismo”.

Extractos de pensamento en obras colectivas

- Un repertorio moi amplo.
- Temas máis recorrentes:
 - relacións entre música e poesía,
 - problemática de xénero na escrita galega,
 - relación de Galicia coa lusofonía
 - reflexión sobre a identidade galega
- Exemplos:
 - “A lingua dos sons”, de 1986, en *Agália*.
 - “Somos Celtas os Galegos?”, de 1998, en *Mondo Lusofono*.
 - “La ‘Hespaña’ de Castelao”, de 2000, en *Página abierta*.
 - “Por que os homes non nos len? (a difícil homologación da literatura escrita por mulleres)”, de 2003, no colectivo *Escrita e mulleres. Doce ensaios arredor de Virginia Woolf*.

Conclusiones

- Por que reflexo e ritmo?